



M.R./ma

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, secretario do Concello de Vilaboa (Pontevedra)

## **CERTIFICO**

Que, segundo consta na acta correspondente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 24 de marzo de 2009, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

### **3. CONTRATACIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS**

#### **31. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL**

##### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**C-15/09**

- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 26/02/2009 se aprobou o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de RAMALES SECUNDARIOS EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DE AGUA DE PAREDES 1ª FASE integradas na inversión municipal proxectada ao abeiro do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego, por procedemento negociado sen publicidade e así mesmo se procedeu a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

- Visto que con data de 24/03/2009 se constituíu a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación determinados no prego de cláusulas, realizou proposta de adxudicación a favor da empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.

- Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

##### **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.** Declarar válido o acto de licitación.

**SEGUNDO.** Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de RAMALES SECUNDARIOS EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DE AGUA DE PAREDES 1ª FASE, polo seguinte importe (Sen IVE 79.173,00 €. IVE 12.667,68 €. TOTAL 91.840,68 €.) e un prazo de execución de TRES MESES á empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

**TERCEIRO.** Notificar e requirir a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A., adxudicatario provisional do contrato, para que dentro do prazo de cinco días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante do Concello de Vilaboa aporte:

1. A constitución da garantía definitiva do contrato que ascende a 3958,65 €.
2. Certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coas Administración estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
3. Documentos complementarios relativos á solvencia técnica e profesional.



## CONCELLO DE VILABOA (Pontevedra)

C/Toural, 1 - C.P. 36141 - Tífnos.: 986 70 82 15 - 70 82 52 - Fax. 986 7083 87 - Email.Marga.vilaboa@eidolocal.es

M.R./ma

#### 4. *Acreditación da alta no epígrafe do Imposto sobre Actividades Económicas.*

*CUARTO. Publicar a adjudicación provisional do contrato mediante anuncio no perfil de contratante do Concello de Vilaboa..*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a proposta anterior

**RECURSOS:** Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo artigo 109.c) da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBR, poderá interpoñer **recurso potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de **un mes**, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre **un mes** sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de **dous meses** contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de **seis meses**, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

E para que conste expido esta certificación, co visto e prace do alcalde José Luis Poceiro Martínez e coa advertencia do artigo 206 del Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vilaboa a vinte e cinco de marzo de dous mil nove.

O secretario

Visto e prace  
O alcalde